

OS DICCIONARIOS DE AUTORIDADES: A ANTOLOXIZACIÓN LEXICOGRÁFICA DA LITERATURA GALEGA

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN

Un fenómeno pouco explorado, tanto polos lexicógrafos como polos historiadores da literatura galega, é a dinâmica sociocultural representada polos diccionarios de autoridades como ámbitos e mecanismos de canonización e lexitimación dunha identidade colectiva, traducida, segundo os intereses e motivacións dos seus responsables, en termos nacionais, proto-nacionais ou simplemente «galeguistas». Sorprende este silencio porque Galicia conta cun material lexicográfico o suficientemente interesante como para elaborar a partir do un número significativo de hipóteses de traballo centradas nas complexas interrelacións entre as prácticas lexicográficas e a canonización de determinados autores e textos literarios. De por si interesante, este ámbito de investigación acada un especial interese cando o espacio sociocultural en cuestión ofrece, como o galego, os riscos dunha sociedade condicionada por unha serie de deficiencias, moitas delas multiseculares.

Nas páxinas que seguen ofrécese un rápido recorrido polos diccionarios de autoridades que dende finais do século XIX foron facendo a súa aparición no ámbito da lexicografía galega, sinalando as aportacións e a especificidade de cada un deles, ó tempo que se aventuran liñas interpretativas para poder estudiar o discurso lexicográfico en relación coa articulación dos idearios nacionais, e os diccionarios como fenómenos socioculturais en contextos caracterizados por unha dinâmica sociodiscursiva na que ó criterio filolóxico lle corresponde un protagonismo determinante.¹

¹ As ideas aquí expostas son obxecto dunha análise máis por menorizada en *A canonización lexicográfica da literatura galega. O «Diccionario Enciclopédico» de E. Rodríguez* (Xerais, 2001).

LEXICOGRAFÍA «NACIONAL»

O XIX é o século das grandes transformacións do discurso lexicográfico. Ó longo dese período os diccionarios van reconstruíndo a súa imaxe, estruturada a partir dunha serie de principios que adquieren unha cada vez maior visibilidade: a exhaustividade nos rexistros da lingua (definida e delimitada en termos nacionais), na súa dobre vertente diacrónica e sincrónica; a implantación dun método inductivo (ás veces cangado dunha problemática efectividade analítica), pola utilización directa ou indirecta dun determinado corpus léxico; a persistente vixencia e o decidido protagonismo do discurso literario como fonte privilexiada na imposición e consolidación da autoridade de determinados lemas. Habería que rexistrar tamén a crecente imposición da función normativa, disfrazada, en moitas ocasións, dunha falsa demagogoxía demótica, condición necesaria para que o proxecto lexicográfico en cuestión puidese erixirse en «diccionario nacional».

Estes catro criterios, que caracterizarían o discurso lexicográfico decimonónico, e durante gran parte do século XX, están directamente relacionados coa súa privilexiada condición na (re)reconstrucción das identidades nacionais (e non só no continente europeo). O diccionario adquire a condición de libro «primordial», texto fundacional, transcripción da lingua (e por ende, da historia) nacional, e depositario da «biblioteca nacional»; un proceso que se apoia nalgunhas das profundas transformacións da segunda metade do século XIX: unha imparable institucionalización do didactismo como discurso social, a súa concreción na expansión dos niveis de alfabetización e o trunfo da prensa como canle privilexiada de articulación e difusión de determinados saberes, asociados cun enciclopedismo básico.

Pero esta «monumentalización» (ou nacionalización) dos diccionarios habería que relationala, sobre todo, coa simultánea institucionalización doutros ámbitos de lexitimación dos idearios nacionais que comezan a desenvolverse no século XIX, época por excelencia de erección dos monumentos nacionais (arquitectónicos, escultóricos, pero tamén escriturais): os panteóns dos escritores, a multiplicación dos museos nacionais, ou a irrefrenable ambición arqueolóxica por des-en-terratar un pasado, que é posto ó servizo da (re)construcción (no sentido máis material do termo) dun «patrimonio nacional». En sociedades como a galega, obstaculizada para articular unha cultura política nacional autónoma, a «monumentalización» discorre por viesos case exclusivamente simbólicos, o que explicaría a relevancia asignada ó fenómeno da lingua e o protagonismo do discurso literario dende a segunda metade do século XIX. É nesta época na que as novas ideas sobre o discurso lexicográfico impactan espacios socioculturais que, por razóns moi diversas, foran despoxados das posibilidades de constituírse en formacións estatais. Esta «imposibilidade» de acceso ó poder político tradúcese, na maioría dos casos, nunha hipertrofia culturalista: a carencia de control institucional obriga a determinados colectivos a intensificar, como fenómeno de compensación, a reinvención do poder simbólico. Este contexto explica, en determinados ámbitos socioculturais, as estreitas correlacións entre o desenvolvemento lexicográfico e a conciencia (proto)nacional, canalizada de forma privilexiada polo discurso literario.

O concepto de «biblioteca imaxinaria» que J. Willinsky suxire para describir o marco cultural (e a súa fundamentación ideolóxica) que lle serve de base á Philological Society inglesa cando, no século XIX, pon en marcha o seu gran proxecto lexicográfico, é especialmente útil porque recolle dúas ideas centrais dos diccionarios de autoridades: a dun acto de fe no corpus dos textos impresos como emblema privilexiado da identidade nacional e a dun proceso selectivo de autores e textos que garanten coa súa presencia non só o canon da produción literaria nacional senón tamén, pola súa mediación, a do imaxinario colectivo. Esta segunda condición explicaría a sistemática exclusión dos corpus lexicográficos de determinados escritores e títulos, por ser incompatibles co que o lexicógrafo, e o grupo que el representa, considera o ideario nacional.

Os trazos específicos dun proxecto lexicográfico, e da «biblioteca nacional» que lle serve de corpus referencial, só poden ser analizados en relación co grao de institucionalización dos diversos discursos sociais (literatura, historia, relixión, folclore, xeografía...), porque son estes os que condicionan e determinan os mecanismos de canonización e lexitimación da cultura en cuestión, na medida en que a dimensión nacional da «biblioteca» do imaxinario nacional é unha condición estreitamente relacionada con estes procesos. Por eso, a configuración dunha norma lingüística mediante a elaboración dun diccionario nacional aparecía, xa dende o século XIX, como un acto de reafirmación fundamental: a través del documento se (de forma enciclopédica) os máis dispares elementos da cultura nacional.

Das aportacións máis relevantes da lexicografía á constitución e institucionalización dunha cultura nacional, sobre todo nas «novas» nacións, figura nun lugar preeminente a promoción e lexitimación dunha imaxe de unidade e estabilidade lingüística, que está na base (e forma parte) do funcionamento de toda lingua nacional, e que se traduce, no caso dos diccionarios de autoridades, na imposición dunha homoxeneidade e igualación sobre o conxunto textual das citas de autoridade, constituído por un microsistema no que entran autores e textos pertencentes a distintas épocas, e a estilos e xéneros moi dispares. É esta unha dinámica con trazos distintivos segundo os contextos dos proxectos lexicográficos. Unha variable a ter en conta é o grao de apoio estatal, é dicir, se goza dunha sólida e eficaz institucionalización, ou se, polo contrario, o proxecto lexicográfico se erixe a pesar (ou á marxe) da maquinaria do Estado.

Algunxs diccionarios responden decididamente a un proxecto de (re)construcción nacional; cando é así, os seus responsables amosan un especial interese por documentar as transformacións sufridas polo idioma ó longo dos séculos cobertos polo proxecto lexicográfico, especialmente se, no caso dos diccionarios de autoridades, os fragmentos citados respectan o texto orixinal. Pero incluso nesta modalidade intervén, de forma activa, o principio da unidade (e estabilidade) lingüística, como demonstra o feito de que a *Crónica Troiana* (s. XIV) sexa utilizada como autoridade para lexitimar ou desautorizar unha determinada acepción lexemática en dous diccionarios galegos, o DRAG e o DEGC, redactados ambos no século XX.

A lexitimación lexicográfica do discurso literario, representado por determinados autores, textos e formas, como o aval máis efectivo para a imposición dunha normativa lingüística e para a consagración dunha lingua nacional xurde precisamente a finais do século XVIII e principios do XIX cando se organiza como discurso específico o que hoxe denominamos como «literatura». Esta preferencia polo corpus literario (dos autores canónicos) tería como un dos seus corolarios o suministro de citas, que garantían e lexitimaban determinadas acepcións lexemáticas e certos usos lingüísticos. H. Béjoint documenta, por exemplo, como a orientación literaria do *Oxford English Dictionary* (OED) foi tan intensa que os seus autores chegaron a incorporar as «hapax legomena», é dicir, acepcións léxicas representadas por unha soa cita de autoridade, por ser o único exemplo documentado no corpus de textos consultados: «O OED foi claramente concebido como unha guía de lectura da gran literatura» (58-59).

A evaluación, en toda a súa complexidade, do proceso de canonización lexicográfica do discurso literario requiere documentar, en cada caso concreto, as seguintes áreas de investigación: o proceso específico de canonización dos discursos e dos escritores intratextualizados nas citas lexemáticas; a transformación do discurso orixinal (literatura, historiografía, economía, xeografía, etc.), que é o que condiciona e determina a lectura orixinal dos fragmentos citados, ó ser lexicografiado pola súa incorporación no diccionario; a tensión máis ou menos prolongada entre ambos discursos, xa que a modalidade discursiva orixinal, á que pertence a cita intertextualizada, non desaparece por completo neste proceso de absorción; o entrecruzamento de dous tipos distintos (e complementarios) de capital cultural: o do discurso orixinal e o derivado da súa lexematización no diccionario; habería que falar, finalmente, dun proceso de compensación entre ambas formas discursivas, entendida nos seguintes termos: a perda de especificidade dunha determinada manifestación discursiva (sexa a literaria) ó ser textualizada noutra modalidade discursiva (a lexemática) é compensada coa intensificación do capital cultural que se lle asigna polo simple feito de ser integrada no espacio do diccionario, sobre todo cando este último se erixe en representación da lingua «nacional».

TRES MODELOS LEXICOGRÁFICOS

O diccionario de Marcial Valladares, o da Real Academia Galega (DRAG) e o *Diccionario Encyclopédico Gallego-Castellano* (DEGC) de Eladio Rodríguez González constitúen o corpus clásico dos «diccionario de autoridades» galegos. Os tres ofrecen, con algunas variantes, o trazo definidor desta modalidade lexicográfica: a utilización de fragmentos extraídos de textos literarios para referendar e leximir determinados lemas ou unha particular acepción. Cada un á súa maneira, amo-saba dunha decidida vontade de utilizar a producción lingüística en galego, preferentemente a literaria (tanto a de tradición oral como a escrita), como un corpus lexicográfico capaz de demostrar a multisecular existencia, no caso do DRAG e do DEGC, dun idioma, que era a mellor e más efectiva carta de presentación dunha cultura en proceso de rearticulación, senón tamén de usala como argumento para leximir determinadas opcións lingüísticas, así como para consolidar o grao de canonicidade dos autores e dos textos intertextualizados lexicograficamente.

O *Diccionario gallego-castellano* (1884) de Marcial Valladares (1825-1903), ó que o autor lle engadiría posteriormente un *Nuevo Suplemento* (1896), sería o primeiro en ensaiar a fórmula. No prólogo ó diccionario fálase expresamente da «exemplificación» que acompaña a moitos dos vocablos e dos distintos corpus dos que son extraídas as citas e referencias; insiste xa o autor na condición canónica dos textos (e dos autores) seleccionados e na privilexiada condición do xénero lírico. Obviamente, o contexto social e a dinámica do desenvolvemento cultural galego son factores determinantes para explicar algúns dos trazos do proxecto lexicográfico de Valladares, sobre todo cando é comparado co DRAG e co DEGC: o limitado ámbito de producción literaria de que dispuña, dada a data de publicación (1884), máis ainda se se lle concede credibilidade á afirmación do mesmo autor de que rematara o seu diccionario en 1869; a total ausencia de referencias á literatura medieval, que tan destacado papel ían xogar nos dous «grandes» diccionarios de autoridades posteriores; e un terceiro e último trazo de especial significación para entender o grao de institucionalización da producción literaria galega nas últimas décadas do século XIX: os exemplos tomados de textos literarios levan como único criterio de iden-

tificación o nome do autor, en contraste co DEGC e sobre todo co DRAG, que non só engade o nome da publicación, como fai case sempre Eladio Rodríguez, senón tamén a edición utilizada e incluso a páxina. Este modo de proceder de Valladares responde a un momento no proceso da crecente pero lenta canonización estética e lexitimación social da producción literaria galega, no que os textos, e sobre todo a súa «ímaxe» pública en forma de libro, carecen da relevancia que se lle asigna naquelas décadas á voz autorial, que responde, na maioría dos casos, ás esixencias de identificación cunha hipotética voz colectiva.

O repertorio de voces autoriais no diccionario de Valladares é certamente notable. Nel figuran os nomes dalgúns das figuras máis relevantes da literatura decimonónica ó lado de escritores hoxe totalmente esquecidos ou reducidos á irrelevancia: R. C. de Murguía [sic], Curros, Pondal, Pintos, J. P. Ballesteros, os irmáns de la Iglesia, Antonio e Francisco, Saco y Arce, Francisco Añón, Alberto Camino, García Ferreiro, Barcia Caballero, Lamas, A. Muruais, J. B. Amado, Noriega Varela, García Mosquera, Lois Vázquez, M. A. Meilán, Eladio Rodríguez, A. J. Pereira, Lugrís Freire, o Marqués de Figueroa, Leiras Pulpeiro, Benito Losada, Fernández Anciles, E. Labarta, J. B. Montero, Pesqueira Crespo, F. Lourido, C. L. Pinal, Pla e Zubiri, Daniel Alvarez, V. Turnes, Valcarce Ocampo, M. L. González, Martínez González, Amador Montenegro, Posada y Pereira, Vázquez Queipo, M. Murguía, José M. Chao, Manuel J. Lema, J. M. Gil e o mesmo Marcial Valladares, que se autocita en once entradas.

A frecuencia de citas dá unha idea da atinada premonición que este diccionario transluce, naqueles iniciais e indecisos momentos de (re)construcción literaria e cultural, sobre o grao de potencial canonización que os autores citados irían conquerindo co paso do tempo; destacan F. Añón (17), Alberto Camino (16), Rosalía de Castro (15), Curros (11), o propio Valladares (11); e xa por debaixo das 10 frecuencias: García Ferreiro (8), Antonio de la Iglesia (8), Francisco, o seu irmán (representado, ademais, con tres composicións firmadas baixo o seudónimo de ‘Mingos Gallego’, que dá un total de 7 citas), J. P. Ballesteros (6), e con 5 citas cada un, J. B. Amado, García Mosquera e J. M. Pintos. As aparentes sorpresas, dado o baixo índice da súa representación no diccionario, son Lamas (3 citas nominais, ás que hai

que engadir dúas citas tomadas do *Catecismo do labrego*) e Pondal (3); porque, aínda que a primeira emisión do corpus lexicográfico de Valladares é de 1884, o *Nuevo Suplemento* de 1896, no que se detecta un sistemático esforzo por incorporar novas voces autoriais ó seu proxecto lexicográfico, ofrecélle unha excelente ocasión para engadir referencias extraídas destes dous poetas.

Unha ollada ó corpus das citas de autoridade incluídas no *Suplemento* permite documentar unha serie de aspectos significativos: son poucos os autores que «repiten», é dicir, que son lexicalizados na edición de 1884 e en 1896 (J. Ballesteros, Curros, Pondal, García Ferreiro, Pinal, J. B. Amado, M. Lema e García Mosquera); os demás son intertextualizados ou ben no *Diccionario* ou no *Nuevo Suplemento*; neste último fan a súa aparición: Noriega Varela, M. A. Meilán, E. Rodríguez, Valcarce Ocampo, Lois Vázquez, Amador Montenegro, M. Leiras, J. M. Chao, Carré Aldao («Estebo de Páleo»), Martelo Paumán e E. Labarta. En tanto ós xéneros, se ben predomina a lírica, que Valladares respecta incluso na forma, mantendo a división estrófica do texto citado (en contraste co método seguido polo DEGC), inclúe, sobre todo no *Suplemento*, bastantes fragmentos en prosa, e non só narrativos, cunha especial predilección pola publicación periódica *Galicia Histórica*.²

O «verdadeiro» diccionario galego de autoridades estaba destinado a ser o inconcluso DRAG, o cal, a pesares de ter rematado na voz ‘cativo’, amosa un amplio e xeneroso repertorio de textos, moitos deles literarios, ó longo dos 27 cadernos publicados entre 1913 e 1928.³ Entre os títulos e autores más citados da literatura moderna figuran *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* de Rosalía de Castro, *Queixumes* de Pondal, *Aires da miña terra* de Curros, *Cantares Gallegos* de Leiras, as *Poesías* de Añón, *Poestas e Soaces d'un vello* de Benito Losada.

² Ver Sánchez Palomino (1999) para unha visión de conxunto sobre as ideas que fundamentan o diccionario de Valladares; tamén a introducción de M. García Ares ó *Nuevo Suplemento al Diccionario Gallego-Castellano Publicado en 1884 Dn. M(arcial) V(alladares) N(úñez)*, editado como Anexo 4 dos *Cadernos da Lingua*, para algúns observacións sobre as fontes do corpus lexicográfico utilizado por aquel no *Suplemento*.

³ Ver Isabel Seoane Sánchez (1999) e Damián Suárez Vázquez (2000) para unha documentada visión do proceso de elaboración do DRAG.

A produción lírica, a excepción de dúas novelas de López Ferreiro (*A Tcedeira de Bonaval* e *O castelo de Pambre*) e unha obra dramática de Lugrís Freire (*Escravitu*), acapara de forma case absoluta o repertorio literario lexicografiado, representado por case 120 títulos (entre poemas e poemarios citados). A case total ausencia da prosa literaria moderna é compensada cunha numerosísima utilización da *Crónica Troiana*, da que se contabilizan unhas 160 citas. Tamén son reproducidos profusamente os trovadores medievais, sobre todo os recollidos no *Cancioneiro da Vaticana*, que aparece intertextualizado cun número igualmente alto de citas, máis de 150.

Un aspecto rechamante do DRAG é a estreita conexión entre o corpus literario utilizado nel (case exclusivamente poético) e a presencia deste mesmo corpus nas antoloxías literarias precedentes. Das 83 composicións citadas individualmente (e non baixo a denominación xenérica dun poemario) moitas foran previamente recollidas en compilacións literarias galegas. Os seguintes índices de frecuencia demostran o antedito: 37 foran escolmadas no *Album de la Caridad* (1862), 28 na antoloxía inédita de Xosé Casal y Lois (elaborada nos anos 1865 e 1866), 22 na escolma que figura como apéndice de *La literatura gallega* (1911) de Carré Aldao, 15 en *El Idioma Gallego* (1886) de Antonio de la Iglesia e 11 na *Colección de poesías gallegas* (1882) de Francisco Portela. Non se esgotan aquí as correlacións coas escolmas literarias da época, se ben as frecuencias nos demais casos documentados son más baixas, pero non por eso irrelevantes. Estes datos confirman un dos trazos distintivos e más significativos de todo diccionario de autoridades: a súa función antolóxica. A case total ausencia de textos pertencentes ó século XX é outro indicador importante da dimensión antolóxica da selección textual efectuada polos responsables (fundamentalmente César Vaamonde), xa que se trata, na maioría das citas de autoridades, de poemas e autores que xa gozaban dun certo grao de canonización nas primeiras décadas do século.

O terceiro gran diccionario de autoridades é o *Diccionario Encyclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez González (1864-1949), publicado postumamente por Galaxia en tres volumes, entre 1958 e 1961, «por iniciativa y bajo el patrocinio de la Casa de Galicia de Caracas», como se sinala nunha nota editorial. Polas súas dimensións,

realmente excepcionais para os diccionarios galegos ata entón existentes, o DEGC representou dende o momento mesmo da súa publicación un punto de referencia ineludible para a producción lexicográfica galega. Como tantos outros proxectos lexicográficos, o de (Don) Eladio Rodríguez comezara a elaboración do seu proxecto nos anos 20 e, pola información que dá nalgúns das entradas, aínda seguía traballando nel no ano 40. En *A Nosa Terra*, voceiro das Irmandades da Fala, recollense bastantes datos sobre os intentos de publicación do DEGC a finais dos anos vinte; e, como o mesmo Otero Pedrayo lembra no emotivo «Prólogo» ó diccionario, existiron tamén promesas de levalo ó prelo a principios da década seguinte, cando o Concello da Coruña, a finais de 1933, pareceu acordar un presuposto para a súa publicación. Pero as miles de cuartillas quedarían inéditas, ata a edición de Galaxia (o orixinal –constituído por miles de cuartillas– pasaría posteriormente, xunto con outra documentación do autor, á Fundación Penzol).

Para unha comprensión xeral da dinámica das citas de autoridade no DEGC hai que partir dos seguintes datos básicos: o número total de entradas é de 51.962, ás que hai que engadir as 4.638 do «Apéndice» anexado polos editores de Galaxia ó repertorio orixinal; con 73 textos individuais utilizados e 422 o número de entradas nas que se alude a unha autoridade literaria individual ou colectiva; esta última cifra debe ser matizada, xa que son 394 as referencias que utilizan un autor e/ou texto literario concretos (incluídas as composicións pertenecentes á literatura popular). A esta serie de datos hai que engadir outra porcentaxe de relevante significación: a proporción de entradas con fragmento citado en relación coas que inclúen referencia ó autor e/ou texto sen exemplificación, que é de 3 a 1.

Unha distribución significativa é a das citas de autoridade en cada unha das letras do alfabeto. Inmediatamente se observa unha clara desigualdade na repartición: as primeiras seis letras (do A ó E) conteñen 380 exemplificacións literarias das 422 cuantificadas, é dicir, o 90% do total deste tipo de referencias. A consulta das papeletas orixinais de Eladio Rodríguez conservadas na Fundación Penzol parece indicar que o proxecto foi refeito ou revisado ó longo dos anos e que algúnsas entradas sofreron unha expansión non só no número de acepcións senón tamén na inclusión de citas de autoridade, como se constata, por exem-

plo, nas dúas versións existentes do lema “agustino”. O esforzo por manter a dimensión do DEGC como diccionario de autoridades esmorece, como queda indicado, a partir do F, probablemente porque Eladio Rodríguez vía o seu proxecto máis que como un diccionario de autoridades, no sentido clásico do termo, como un diccionario-enciclopedia. Esto explicaría que as referencias para apoiar as entradas específicamente enciclopédicas amosen unha más equilibrada distribución ó longo de todo o diccionario.

A partir do repertorio dos textos utilizados como citas de autoridade, e utilizando como variable adicional o ano (ou período) de publicación, detéctase un notable esforzo por incorporar unha equilibrada representación da producción literaria galega, dende os cancioneiros medievais ata *O mesón dos ermos* (1936) de Otero Pedrayo. Esta xenerosidade diacrónica demostraría a longa historia do galego, e ó mesmo tempo, a pervivencia dun léxico arcaico como proba da unidade da lingua por enriba das dificultades e dos obstáculos ós que fora sometida multisecularmente. En claro contraste co DRAG, que iniciara a publicación do seu primeiro fascículo o ano 1913, o DEGC apostava claramente por incluír textos do século XX, que está mellor representado ca o XIX. Máis concretamente, é a década dos vinte, con 18 títulos presentes no diccionario de Eladio Rodríguez, a que ofrece unha nómina de textos más completa. A literatura medieval está representada por 3 coleccións de textos: as *Cantigas de Santa María*, o *Cancioneiro da Vaticana*, e a *Crónica Troiana*; esta última utilizada a partir da edición de Martínez Salazar (1900). O único texto dos «séculos escuros» é un poema de Cernadas y Castro (‘Cura de Fruime’), «Glosa», tomado de *El Idioma Gallego* de Antonio de la Iglesia.⁴

Unha consideración a parte merecen os títulos representados por máis de 10 citas no DEGC. A maioría das referencias están concentradas nas cinco primeira letras do abecedario; e incluso estes textos, que contan con tan notable representación no diccionario, teñen unha ínfima presencia a par-

tir da letra F; por exemplo, *A Tecedeira de Bonaval* de López Ferreiro, a obra máis citada por Eladio Rodríguez con 45 referencias, é mencionado só en tres ocasións a partir da letra E. Outro dato significativo, e do que poden derivarse interesantes conclusións, é o feito de que as cinco citas de autoridades utilizadas na letra F pertencen todas a *Queixumes dos pinos*.

Neste grupo privilexiado de textos están representados os tres xéneros literarios, sobre todo a narrativa. Dende unha perspectiva cronolóxica, é igualmente relevante o esforzo por incluír neste canon lexicografiado a literatura medieval (*a Crónica Troiana*) ó lado dalgúns dos grandes textos do século XIX e do XX: dous poemarios fundacionais, *Aires da miña terra* de Curros e *Queixumes dos pinos* de Pondal, xunto a outro de Lamas, *Gallegada*, que son os tres poetas deste privilexiado repertorio; a producción narrativa, con cinco textos, acapara máis do 50% desta nómina canonizada: ademais da *Crónica Troiana*, figuran *A Tecedeira de Bonaval* (López Ferreiro), *Contiños da terra* (García Barros), *Contos da terriña* (Pérez Placer) e *Estebo* (Lesta Meis); finalmente, o teatro está representado por dous textos de Cotarelo, *Beiramar*, *Trebón*. A repetida utilización dun autor e/ou dun texto no DEGC débese, en gran parte, ó limitado do corpus literario do que son extraídas as citas e/ou ó desigual grao de canonicidade entre o limitado número de autores e textos que fan que o lexicógrafo utilice predominantemente aqueles que posúen o máis alto grao de lexitimación cultural e estética.

A distribución das citas de autoridades por xéneros no DEGC responde á dinámica mesma de cada un deles no período coberto polo diccionario: fundamentalmente dende 1860 ata 1936; se ben é certo que incorpora algúns textos medievais e un poema do «Cura de Fruime». Obsérvase un craro predominio da lírica sobre a narrativa e o teatro, en correspondencia co desenvolvemento do incipiente sistema literario galego daquelas décadas; aínda así, percíbese un consciente esforzo por integrar no espacio léxico-enciclopédico unha representación da producción literaria galega más diversificada ca a dos diccionarios de autoridades precedentes, o de Valladares e sobre todo o da RAG, como quedou sinalado anteriormente. Unha aproximación cuantitativa axuda a entender a dinámica dos xéneros literarios no DEGC. O repertorio da lírica está constituído por 35 autores,

⁴ Obviamente, para obter unha imaxe precisa da distribución cronolóxica e o seu grao de representatividade da producción literaria galega habería que contrastar o repertorio dos textos lexicografiados no DEGC coa bibliografía literaria galega existente no período cuberto polo diccionario.

48 textos e un total de 178 citas de autoridades;⁵ O xénero narrativo ofrece o seguinte baremo: 13 autores, 16 textos e 132 citas; obsérvase, por tanto, un notable incremento na concentración das citas narrativas en relación coa producción lírica. Finalmente, o ámbito do xénero dramático presenta cifras igualmente significativas: 4 autores, 9 textos e 69 referencias de autoridade.

A maior concentración de citas de autoridades por autor e por texto no xénero da narrativa, débese ó fenómeno «López Ferreiro», que acuma el só pouco menos da metade das referencias pertencentes a este xénero; igual socede con Cotarelo Valledor na producción dramática. Por eso, non se pode facer unha idea precisa desta distribución interxénérica sen considerar autores e textos individuais. Das 132 citas narrativas, 45 pertencen á novela de López Ferreiro, *A Tecedreira de Bonaval*, 19 a *Contos da terriña* de Pérez Placer, 15 a *Contiños da terra* de García Barros, 13 a *Estebo de Lesta Meis* e 15 á *Crónica Troyana*, cun total de 103 citas. A este elevado índice hai que engadir cinco citas más tomadas doutra novela do mesmo López Ferreiro, *O castelo de Pambre*. No caso dos textos dramáticos a concentración é igualmente notable, pero neste xénero intervén a variable autorial máis que a textual, xa que cinco obras de Cotarelo Valledor: *Beiramar* (23), *Trebón* (12), *Mourenza* (8), *Hostia* (7) e *Lubicán* (3) acumulan un total de 53 das 69 citas tomadas do xénero teatral. Por tanto, dificilmente se podería concluír dos datos expostos que o DEGC ofrece un panorama diversificado da producción narrativa e dramática do período cronológico representado no diccionario. É obvio que Eladio Rodríguez silencia algúns títulos narrativos e dramáticos hoxe considerados significativos.

Moito máis diversificada é a representación da producción lírica, da que o DEGC ofrece un amplio panorama. Tódolos «grandes» poetas, cos seus respectivos poemarios, contan cunha notable presencia no DEGC: Curros, Rosalía de Castro, Pondal, Lamas, Cabanillas. A distribución das citas líricas responde a esta visión; só tres poemarios, *Queixumes dos pinos* (20), *Aires da miña terra* (18) e *Gallegada* (16) contan con más de 10 citas, as restantes 124 citas están amplamente distribuí-

das. Chama a atención o baixo índice de representación de Rosalía de Castro, con 10 citas, repartidas equitativamente entre *Cantares* e *Follas*, cando se compara coa representación doutros poetas: Lamas (30), Curros (23), Pondal (21) ou Leiras Pulpeiro (13). As razóns que puideron levar a Eladio Rodríguez a privilexiar, por exemplo, a producción poética de Lamas habería que velas en relación coas características mesmas da súa extensa producción poética, coa diversidade lexicográficas da súa producción literaria e co feito de que compartise co autor do diccionario un mesmo ámbito sociolingüístico, a provincia de Ourense.

OUTROS PROXECTOS

A esta tríada hai que engadir outros diccionarios que, se ben non presentan esta caracterización formal, permiten vislumbrar nalgúnhas das súas microestructuras a intervención máis ou menos definida das referencias de autoridade literaria. Non deben esquecerse, neste contexto, os múltiples obstáculos que un determinado proxecto lexicográfico debe superar para adquirir a categoría de diccionario de autoridades; entre eles, e en absoluto irrelevante, os condicionantes editoriais, é dicir, as limitacións asignadas ó hipotético diccionario.

O *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos (1928-1931) carece das características formais dun diccionario de autoridades; sen embargo, nalgúnhas entradas lense exemplos que foron, sen dúbida, extraídas de textos literarios; noutras palabras, Carré parece transformar as citas de autoridade en exemplos de elaboración propia; véxase a entrada sobre o lema «aquel», no que parece recoller un verso de Rosalía de Castro que Eladio Rodríguez utiliza tamén no mesmo lema do seu diccionario. Antón Santamarina refire a esta mesma dimensión do diccionario de Carré: «¿Que fontes usou Carré? É malo de controlar porque non as dá. Mesmo que unha verba fose extraída dun texto literario (por economía ou polo que fose) non se cita a fonte» (2000:44); e o mesmo Carré no prólogo á 3^a edición do seu diccionario sinalaba as fontes xerais do seu proxecto lexicográfico: a súa nenez e xuventude no ámbito rural de San Xián de Segude; a experiencia das sesións da ‘Cova Céltica’, na que el comezou a traballar ó lado do seu pai; os múltiples contactos coa Galicia

⁵ Debe aclararse que non se tiveron en conta as múltiples composicións populares no reconto dos textos, só os títulos poéticos de autor individual.

rural á busca de materiais lexicográficos; e finalmente, di Carré, «acudí a los códices, a todos los documentos y a los libros. Una penosa pero lenta y trabajosa labor de rebusca y comprobación...» (1954:XIII). Un anticipo deste diccionario fora publicado en forma de 'Vocabulario Castelán-galego' por entregas en *A Nosa Terra*, a partir do número 170 (1922).

Tampouco amosa a formalidade dun diccionario de autoridades o *Vocabulario popular galego-castelán* que Filgueira, Tobío, Magariños e Cordal deran ó prelo en 1926. Sen embargo, como os autores explican no «Limiar», é un proxecto lexicográfico que ten como punto de partida a consulta explícita dunha serie de fontes escritas:

O noso Vocabulario popular é unha sinxela recadadiva das verbas contidas nas obras de Sarmento, nos Diccionarios de Rodríguez, Cubeiro, Valladares, o que vai publicado da Academia e no vocabulario anónimo publicado por Leite de Vasconcellos, nos Glosarios dos Cancioeiros, e demais obras clásicas galegas, nos papeis inéditos de Saco e Arce, nos documentos, nas obras dos escritores contemporáneos e nos beizos do pobo. (2-3)

Só «o caráter de popularidade que arelamos dare ao noso traballo, fixonos fuxir de toda cita», engaden a modo de aclaración; é dicir, o obxectivo dunha rápida e masiva difusión disuadeunos de adoptar a fórmula explícita do diccionario de autoridades.

Tamén debería figurar o inconcluso «Diccionario gallego-castellano» (1900) de Porto Rey nesta liñaxe dos diccionarios de autoridades, porque nos poucos fascículos que viron a luz, son utilizadas algunas fontes literarias: Rosalía de Castro, Lamas, F. Añón, B. Amado e B. Losada, entre outros.⁶ Habería que incluír, igualmente, neste repertorio o «Apéndice» que Galaxia engade ó corpus lexicográfico de ER. Trátase dun listado de 4.638 entradas, das que 144 incorporan referencias literarias, pero sen inclusión de exemplos. En claro contraste co proxecto lexicográfico de Eladio Rodríguez, amosa unha equilibrada distribución de referencias ó longo das letras do abecedario. O

⁶ Ver M. X. Bugarín López e B. González Rei (2000) para un informativo estudio sobre este proxecto lexicográfico.

equilibrio é moito menor en termos do repertorio dos autores e dos textos utilizados, como amosa a seguinte nómina, ordenada alfabeticamente por autor: Díaz Castro, con 5 referencias a *Nimbos*; Iglesia Alvarín, o autor máis citado, con 106 referencias, representa el só o 73% das citas de autoridade do «Apéndice», distribuídas en tres dos seus títulos: *Carmina* (trad. de Horacio) con 86, *Cómaros Verdes* con 7 e *Lanza de Soledá* con 17; López Ferreiro, o autor tan citado por Eladio Rodríguez, está representado por unha soa referencia a *O Niño das Pombas*, título que non fora utilizado no DEGC; outro título cun número notable de referencias (20) no «Apéndice» é *Gallegadas* de Rodríguez López; finalmente, está Victoriano Taibo e o seu poemario *Da Agra Aberta*, con cinco citas. Habería que aludir tamén ó texto teatral de Cotarelo Valledor, *Lubicán*, que é mencionado na entrada «fradar» para desautorizar o uso que deste lema fai o mesmo Eladio Rodríguez apoíándose no dramaturgo-filólogo.

O «Apéndice», como o repertorio de Eladio Rodríguez, ofrece ademais do perfil léxico un compoñente enciclopédico, representado por un número reducidísimo de referencias: a Cornide, con dúas citas, sen facer referencia a un título específico, aínda que se trata, sen dúbida, do seu *Catálogo de palabras gallegas*; a Ezequiel Carreira, do que se menciona nunha entrada a súa *Contribución al estudio de la flora gallega*, e finalmente, tamén cunha soa cita, *La civilización céltica en Galicia*, de López Cuevillas. De novo, como no DEGC de Eladio Rodríguez, obsérvase unha especie de distribución «diglósica» (perdón, por abusar aquí do termo) das dúas dimensións: a léxica apóiese en textos literarios galegos, en tanto que a enciclopédica é referendada por textos en castelán.

Finalmente habería que aludir a un proxecto de diccionario de autoridades que, segundo se indica no prólogo do *Vocabulario galego-castelán*, preparado por Filgueira Valverde et al., estaría elaborando Cotarelo Valledor por aqueles anos. Confesan os autores do vocabulario o carácter provisional do seu proxecto («laboura de mocedade e de escomenzo»), á agarda da publicación dos grandes diccionarios que se estaban a elaborar naquelhas décadas: «a Academia Galega non tardará en rematar a publicación do seu, os Sres. Rodríguez e Cotarelo preparan, respectivamente, os tan necesarios descriptivo e de autoridades e o Seminario de Estudos

Galegos anda a traballar nun sistemático Catálogo da Língua» (1926:2).

Non deixa de sorprender, pois, o número de proxectos lexicográficos galegos que, dende finais do século XIX, se lanzan a recoller nas súas entradas un número máis ou menos extenso de citas e referencias tomadas de autores e textos da literatura galega, incluso en momentos nos que non parecía existir unha idea o suficientemente definida dun sistema literario autónomo e autolexitimado. Os autores dos diccionarios de autoridades aquí documentados amosaban todos eles unha incuestionable vontade de liderar ou cooperar a unha moi necesaria canonización da literatura de expresión galega. Pode dicirse que foron, xunto ás moitas antoloxías da época, o receptáculo dunha producción literaria considerada dobremente modélica: dende o punto de vista lexicográfico e estético. Neste sentido, erixíronse en instrumentos privilexiados dun proceso de lexitimación cultural que, iniciado co Rexurdimento, comezaría a consolidarse nas primeiras décadas do século XX.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Béjoint, Henri. 1994. *Tradition and Innovation in Modern English Dictionaries*. Oxford: Clarendon Press.
- Bugarín López, Mª X. e B. González Rei. 2000. O «Diccionario gallego-castellano» de Porto Rey. *Cadernos da Lingua*, 21: 25-66.
- Carré Alvarellos, Leandro. 1928-1931. *Diccionario gallego-castelán*. A Coruña: Lar.
- Filgueira Valderde, José et al. 1926. *Vocabulario popular gallego-castelán*. Vigo: El Pueblo Gallego.
- Porto Rey, Francisco. 1900. «Diccionario gallego-castellano». En *Villagarcía-Carril. Periódico semanal, satírico, cómico*
- Real Academia Galega. 1913-1928. *Diccionario Gallego-Castellano*. A Coruña: RAG.
- Rodríguez González, Eladio. 1958-1961. *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. Vigo: Galaxia.
- Sánchez Palomino, M. Dolores. 1999. «Ideas que sustentan a elaboración do *Diccionario de Valladares*». *Cadernos da Lingua*, 20: 5-28.
- Santamarina, Antón. 2000. *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza-Instituto da Lingua Galega.
- Seoane Sánchez, Isabel. 1999. «O primeiro diccionario da Real Academia Galega». *Cadernos da Lingua*, 19:65-84.
- Suárez Vázquez, Damián. 2000. «As autoridades no *Diccionario gallego-castellano* (1913-1928) da Real Academia Galega». *Cadernos da Lingua*, 21: 67-102.
- Valladares Núñez, Marcial. 1884. *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario Conciliar Central.
- (s.d.). *Nuevo Suplemento al «Diccionario Gallego-Castellano» publicado en 1884*. Ed. de Maricarme García Ares. *Cadernos da Lingua* (Anexo 4).
- Willinsky, John. 1994. *Empire of word. The Reign of the OED*. Princeton: Princeton Univ. Press.